

Acta núm. 34/2020.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 24 de novembro de 2020.

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Carlos Noya Pereira.
José Luis Sampedro Bouzas.
María Rosa Romero Fariña.
Sandy Marie Cebral Gómez

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, ás 14,00 horas do 24 de novembro de 2020, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 33/2020, DO 17.11.2020.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 4º) LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 5º) AUTORIZACIÓN PARA CONSTITUIR UNHA PARCELA EN RÉXIME DE COMPLEXO INMOBILIARIO PRIVADO.
- 6º) ROGOS E PREGUNTAS

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 33/2020, DO 17.11.2020.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 17.11.2020, acta núm. 33/2020.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA DOLORES MÉNDEZ TORRES, na que comunica que vai instalar unha piscina descuberta nunha parcela en Quintáns 4, Brión, separada 3 metros de tódolos lindeiros e a máis de 6 metros do eixe do vial. A parcela (referencia catastral nº 5664505NH2456S0001FT) onde se pretende instalar a piscina, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1), sitúase na aldea de Quintáns, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada como BE8 e dentro da zona de policía de leitos fluviais dun rego.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 22/10/2020 (expediente 2058/20), da autorización de Augas de Galicia de data 05/11/2020 (clave DH.W15.73830) e do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- . Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 245,42 euros.

- . Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 309,99 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL VIDAL CAJUSO, na que comunica que vai realizar obras de conservación dun peche en Fonte Paredes 16, Ons, consistentes na limpeza e encintado do mesmo e na colocación dun portalón novo de acceso.

O peche de aproximadamente 22 metros de lonxitude sitúase en contacto co vial, a menos de 4 metros do eixo da vía.

A parcela na que se pretenden executar as obras (referencia catastral 1589701NH2418N0001FG), atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-1) e atópase a menos de 50 metros da vivenda de Fonte Paredes integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, clave OE11 e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- O novo portalón de acceso situarase mínimo a 4 metros do eixe do vial.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 40,94 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 105,51 euros

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda sita na Avda. dos Ánxeles 19, Os Ánxeles, substituindo as tellas en mal estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A parcela onde se empraza a edificación (referencia catastral 6649560NH246N0001HD) na que se van executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº1 (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 2,62 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 67,19 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANTONIO REY BATALLA, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda sita en Gundín 26, Os Ánxeles, substituindo as tellas en mal estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A parcela onde se empraza a edificación (referencia catastral 5342503NH2454S0001OJ) na que se van executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 13,09 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 77,66 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA GARCÍA LUEIRO, na que comunica que vai construír unha edificación auxiliar (alpendre) de 12 m², dunha única planta e escasa entidade construtiva, situado a 4 metros do lindeiro e a 16 metros do eixe do vial, en Mourentáns 56, Viceso.

A parcela (referencia catastral 1674408NH2417S0001BY) onde se pretende construír a edificación auxiliar, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural da zona oeste, en área non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 (NRO-2) do PXOM, e atópase dentro da zona de afección da DP-1302 e nela existe unha edificación que conta con licenza de primeira ocupación outorgada pola Xunta de Goberno Local o 20.12.2016.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización do Servizo de Vías e Obras da Deputación da Coruña de data 13/11/2020 (expediente 202000033386) e do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- A construción estará convenientemente rematada, revestida e pintada, e a súa cubrición será de tella cerámica.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 93,89 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 158,46 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ESTELA GIRÁLDEZ VÁZQUEZ, na que comunica que vai construír unha edificación auxiliar (alpendre), dunha única planta e escasa entidade construtiva, de 20 m², con fábrica de bloque e cuberta de fibrocemento e tella, en Brión de Abaixo, Brión.

A parcela (001602500NH24F0001UJ) onde se pretende construír a edificación auxiliar, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo rústico de protección agropecuaria, segundo a disposición transitoria primeira da Lei 2/2016 e artigo 34.2 da Lei 2/2016.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Segundo o artigo 50.g) do Regulamento da Lei 2/2016, non poderá destinarse a uso residencial ou de recreo, polo que queda prohibido que conte con instalacións propias das vivendas.

.- A construción situarase dentro da parcela mínimo a 10 metros do eixe do vial e mínimo a 5 metros de tódolos lindeiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 67,38 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 131,95 euros.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión en Estrar 14, Os Ánxeles, derivando o condutor de tipo XZI 0,6/1Kv,2 (1*50 Al) que terá o seu inicio no apoio existente tipo HV-250-9 ata a situación da CPM que instalará o cliente no límite da súa propiedade coa vía pública. Para a canalización do mencionado condutor realizarase unha gabiá dunha lonxitude total de 25 m, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial David Núñez Fernández, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Galicia o 04/09/2020, visado nº 20202230.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 7240203NH2474S0001ZW), está clasificada como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1). Na parcela existe unha vivenda que conta con licenza de primeira ocupación outorgada pola Xunta de Goberno Local o 08.01.2019 e atopase dentro da aldea de Estrar, incluída no catálogo do PXOM coa clave identificativa AE4 e dentro da zona de policía de leitos do rego de Pérros.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 29/10/2020 (expediente 1883/20), da declaración responsable presentada ante a Consellería de Infraestrutura e Mobilidade o 21.09.2020 e do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 430,71 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 26,14 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 90,71 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Juan José Coiradas Sambade, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión en San Salvador, derivando o condutor XZ1 240 no PAR existente e mediante perforación dirixida baixo a estrada AC-300, estendendo o condutor XZ1 240 ata a situación da CPM, que intalará o cliente no límite da súa propiedade coa vía pública. Para a canalización do mencionado condutor realizarase unha gabiá dunha lonxitude total de 42 m, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Pablo López Alonso, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña o 18/02/2020, visado nº 489/20-CO.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 7724116NH2472N0001JY), está clasificada como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación (NRL-2), atópase dentro do entorno de afección de Gas Natural por Gaseoducto e afecta ao dominio público da estrada AC-300.

A Xunta de Goberno Local, á vista do escrito da Área de Industria e Enerxía da Delegación do Goberno en Galicia, de data 28/04/2020 (expediente referencia AF/180), da autorización da Axencia Galega de Infraestruturas de data 29/07/2020 (expediente IF204A 2020/000380-1), da conformidade ao proxecto da entidade Nedgia S.A. (Grupo Naturgy) de data 05/11/2020 (expediente: N-STG-20200008) e do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 1.271,79 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 194,36 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 258,93 euros.

CUARTO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARÍA INMACULADA COLLAZO PÉREZ e RAMÓN AGRAFOJO FIGUEIRA, na que solicitan licenza para construír unha vivenda unifamiliar no lugar de Soigrex 44, Bastavales, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Juan Sebastián Lareo Sánchez, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 14.07.2020 e documentación complementaria visada o 10.11.2020.

A parcela onde se pretende construír a vivenda (referencia catastral 7412605NH2471S0001DB), está situada en solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- . A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Juan Sebastián Lareo Sánchez, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 14.07.2020 e documentación complementaria visada o 10.11.2020.

- . Como garantía da urbanización do espazo de cesión, correspondente co situado diante da parcela neta, 34,00 m² (que xa foron aceptados pola Xunta de Goberno Local do 20.11.2018) e que implica a pavimentación (formigón coloreado en 1,80 m. de ancho), a execución das conexións coas redes de servizo existente no núcleo (abastecemento e a colocación de tubo de 40 cm. de diámetro para pluviais e alumeado público), en todo o fronte da parcela, impónse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- . Esta licenza non é válida para a actuación sobre os muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude a tales efectos.

- . Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- . Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- . Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- . Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- . Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- . Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- . Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- . Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 3.579,32 euros.
.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 347,94 euros.
Total: 3.927,26 euros.

QUINTO.- AUTORIZACIÓN PARA CONSTITUIR UNHA PARCELA EN RÉXIME DE COMPLEXO INMOBILIARIO PRIVADO.

Deuse conta dunha instancia presentada por José Luís García García, na que solicita autorización para constituír un complexo inmobiliario privado, sobre a parcela situada na Avd. dos Ánxeles, Os Ánxeles, con referencia catastral 6649560NH2464N0001HD, segundo o disposto no artigo 26 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana.

Visto o informe xurídico e técnico asinado polo asesor xurídico urbanístico do Concello e pola arquitecta municipal do 23.11.2020, que di:

"INFORME XURÍDICO E TÉCNICO.

ASUNTO: AUTORIZACIÓN PARA CONSTITUCIÓN DUNHA PARCELA EN RÉXIME DE COMPLEXO INMOBILIARIO PRIVADO.

PETICIONARIO: José Luís García García.

En relación coa solicitude do 12.11.2020, para o outorgamento de autorización administrativa para a constitución de parcela privada en réxime de complexo inmobiliario privado, formulada por don José Luís García García, emítense o seguinte informe:

NORMATIVA APLICABLE:

- . Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- . Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016.
- . Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana.
- . Plan Xeral de Ordenación Municipal de Brión.

INFORME:

1. Preténdese a obtención de autorización administrativa para a constitución dun complexo inmobiliario privado, dos regulados no art. 26 do TRLS en relación co art. 24 LPH, sobre a finca sita no lugar de Alqueidón, Os Ánxeles, Brión, inscrita no Rexistro da Propiedade de Negreira, ao tomo 1211, libro 189, folio 63, finca núm. 26921, con Referencia Catastral 6649560NH2464N0001HD, que se atopa clasificada segundo o PXOM de Brión como solo urbano consolidado, polo que, conforme co previsto na Disposición Transición Primeira, apartado 2.a) da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, resúltalle de aplicación a Ordenanza núm.1, UC-1 do PXOM.

2. O interesado aporta un borrador da escritura notarial de creación do complexo, así como un plano catastral e un plano identificativo nos que se definen os elementos privados susceptibles de utilización independente que se pretenden establecer no complexo, así como do elemento común de acceso a todos eles.

3. O artigo 368 do Decreto 143/2016, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do solo de Galicia, que regula o réxime das parcelacións e división de terreos establece, no seu apartado oitavo, que en canto ao que se refire aos complexos inmobiliarios ou á constitución de fincas en réxime de propiedade horizontal se estará ao disposto na lexislación estatal vixente.

4. Pola súa banda, o artigo 26.6 do RDL 7/2015, establece que a constitución e modificación do complexo inmobiliario privado, do tipo dos regulados como réximes especiais da propiedade, polo artigo 24 da Lei 49/1960, de 21 de xullo, sobre Propiedade Horizontal, deberá ser autorizada pola Administración competente na que se ubique a finca ou fincas sobre as que se constituía tal réxime, sendo requisito indispensable para a inscrición, que ao título correspondente se achegue a autorización administrativa outorgada ou a testemuña notarial da mesma.

5. Segundo se sinala na documentación aportada polo peticionario coa súa solicitude, o complexo estará integrada polos seguintes elementos independentes:

-Elemento un: Porción dunha superficie de 840,00 m2, que linda polo vento norte co elemento núm. tres; polo vento sur con vía pública (Estrada Santiago-Noia); polo vento leste, co elemento núm.2; polo vento oeste, coa parcela de Manuela Tomé Porto.

-Elemento dous: Porción dunha superficie de 840,00 m2, que linda polo vento norte, co elemento núm. tres; polo vento sur, con vía pública (Estrada Santiago-Noia); polo vento leste, con terreo público; polo vento oeste, co elemento núm.2.

-Elemento tres: Porción dunha superficie de 3.416,00 m2 que linda polo vento norte, con terreo público; polo vento sur, coa propiedade de don José Antonio García García; polo vento leste, con terreo público; polo vento oeste con vía pública (Avda. dos Ánxeles).

Ademais, establécense os elementos comúns ao complexo, tal como esixe a normativa estatal aplicable antes indicada.

6. A normativa aplicable non indica expresamente que se deba cumprir co requisito da parcela mínima, pero lóxicamente debe entenderse que non se poderá autorizar a constitución de complexos inmobiliarios que non respecten o previsto no planeamento urbanístico no que atinxe á formación de novas parcelas. Neste caso, tódolos elementos resultantes que integran o complexo atópanse clasificados como solo urbano regulado pola Ordenanza núm. 1 UC-1, polo que todas cumpren coa superficie mínima (200m2) prevista polo PXOM.

7. Dado que non se está a autorizar unha parcelación como tal, que a finca segue a ser unha e única, e que tódolos elementos do complexo manteñen o mesmo acceso único xa existente, non resulta preciso solicitar autorización a Estradas de Galicia, xa que coa creación do complexo non se da lugar a novos accesos dende as estradas que circundan a finca.

8. Á vista do exposto, procede autorizar a implantación do complexo inmobiliario privado xa que non contravén ás esixencias do planeamento e da normativa urbanística e sectorial aplicable, nos termos previstos no borrador da escritura que se aporta polo interesado, sen prexuízo das modificacións que podan efectuarse na escritura que finalmente se outorgue en canto á descrición dos elementos susceptibles de aproveitamento independente, ou dos elementos comúns, que en ningún caso poderán afectar á superficie dos elementos privados independentes nin definir novas entradas dende as estradas circundantes que non existan na actualidade.

9. O órgano competente para o outorgamento da autorización é a Xunta de Goberno en función da delegación efectuada pola Alcaldía.

Por todo o sinalado anteriormente, infórmase favorablemente a autorización municipal para a constitución dun complexo inmobiliario privado, formulada por don José Luis García García sobre a parcela Catastral con Ref. 6649560NH2464N0001HD, inscrita no Rexistro da Propiedade de Negreira ao tomo 1211, libro 189, folio 63, finca nº26921, sita no lugar de Alqueidón, Os Ánxeles, Brión, nos termos que se indican no borrador de escritura que se achega polo interesado, sen prexuízo das modificacións que podan efectuarse na escritura que finalmente se outorgue en canto á descrición dos elementos susceptibles de aproveitamento independente, ou dos elementos comúns, que en ningún caso poderán afectar á superficie dos elementos privados independentes nin definir novas entradas dende as estradas circundantes que non existan na actualidade.”

A Xunta de Goberno Local consonte co informe transcrito, acorda por unanimidade:

1º) Outorgar a autorización administrativa para a constitución dun complexo inmobiliario privado, formulada por don José Luis García García sobre a parcela Catastral con Ref. 6649560NH2464N0001HD, inscrita no Rexistro da Propiedade de Negreira ao tomo 1211, libro 189, folio 63, finca nº26921, sita no lugar de Alqueidón, Os Ánxeles, Brión, nos termos que se

indican no borrador de escritura que se achega polo interesado, sen prexuízo das modificacións que podan efectuarse na escritura que finalmente se outorgue en canto á descrición dos elementos susceptibles de aproveitamento independente, ou dos elementos comúns, que en ningún caso poderán afectar á superficie dos elementos privados independentes nin definir novas entradas dende as estradas circundantes que non existan na actualidade.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

FORA DA ORDE DO DÍA:

Pola alcaldía expónse que logo de aprobar o expediente de modificación de créditos no Pleno do 21.10.2020 para financiar esta actuación, resulta necesario aprobar o proxecto das obras para poder iniciar o expediente de contratación á maior brevidade posible.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda aprobar a urxencia, incluíndo o seguinte asunto na orde do día, consonte co establecido nos art. 83 e 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais (en adiante ROF).

1º) APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DE CAMIÑO DE AMAÑECIDA ATA GRAÑA E OUTROS.

Dada conta do proxecto confeccionado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Pablo Blanco Ferreiro, de data decembro de 2019, denominado: Proxecto de camiño de Amañecida ata Graña e outros, cun orzamento de contrata de: 950.726,78 euros, IVE incluído.

Dada conta da acta de replanteo previo realizada con data 26.12.2019, e do informe asinado pola arquitecta municipal do 23.11.20120 consonte co disposto no art. 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno do 27.06.2019 (BOP 03.07.2019), por unanimidade, acorda:

1º) Aprobar o Proxecto de camiño de Amañecida ata Graña e outros, cun orzamento de contrata de: 950.726,78 euros, IVE incluído.

2º) A achega municipal a esta obra por importe de: 950.726,78 euros financiarase con cargo ao crédito consignado na aplicación:1532.61904 do vixente orzamento municipal.

3º) Do presente acordo darase conta a Comisión Informativa de Servizos na primeira sesión que celebre consonte co disposto no art. 126 do ROF.

SEXTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 14,20 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González